Matilde Castro

Polos fíos da memoria

1ª edición 2022
2ª edición 2026

Polos fíos da memoria
Matilde Castro

Ilustración da portada: Iria Romero Castro

ISBN: 978-84-127295-4-2
DL: C-1633-2026

Edita: o_bidueiro
edición@obidueiro.gal

Levárono por tres veces.
Por tres veces os veciños
pechados nas casas
agardaron que soasen os tiros
pola banda do camposanto.

Quen o ía dicir de Xan
o home máis rico da parroquia
que se vise neses transos.

Seica era un comunista
moi destacado.

O caso foi que el
disque lles ofrecía cartos
e así se librou de que o matasen.
Tempo andando
desterrárono a un lughar que tiña
aló
máis pola montaña.

De todo o que pasou
e de que eu me acorde
o peor foi o dun mozo
que lle chamaban Crisanto.

Nun muíño de maica
no que había algunha xente
trouxeron a nova
de que andaban os escapados
no lughar de abaixo.

Se hai quen vaia ao cuartel
déixolle o cabalo
dixo a muiñeira.

O rapaz
ofreceuse para ir dar parte.

Dixeron que se ofrecera
por ir no cabalo.

Despois a Garda Civil
foi á busca dos fuxidos
e houbo moitos tiros.

Non me acordo ben
o tempo que pasou
pero nunha festa de Moeche
seica estaba Crisanto coa moza
e fixéronlle una marca nas costas.
Disque para que o coñecesen
os que estaban no monte agochados.

El deuse conta de todo
e marchou para á casa.

De alí a poucos días matárono.

Á muiñeira fixéronlle pasar moitas.

Collíanlle o seu pequeno
e tíñano con eles ata que lles parecía.

A ela mesma lle dixeron
que se fose un home
xa estaría dando malvas.

Esta segunda edición de
Polos fíos da memoria
imprimiuse no obradoiro de
Sacauntos Cooperativa Gráfica
en Santiago de Compostela
en outubro de 2026